



RESOLUCIÓN DE 26 DE MAIO DE 2016 DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA A CORUÑA, POLA QUE SE DECLARAN OS ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 16 DE MARZO DE 2016 NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA.

Mediante a Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña de data 16 de marzo de 2016 (DOG nº 61 do 31 de marzo) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes para as categorías de Persoal sanitario de formación profesional e Persoal de xestión e servizos: Celador/a, Cociñeiro/a, Costureiro/a, Grupo administrativo, Grupo auxiliar da función administrativa, Agrupacións profesionais (Lavandeiro/a, Pasador/a de ferro e Limpador/a), Pinche, Técnico en coidados auxiliares de enfermería, Técnico superior de laboratorio de diagnóstico clínico e Técnico superior en imaxe para o diagnóstico, esta Xerencia de Xestión Integrada,

RESOLVE:

Primeiro: Declarar, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos ó devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna nas categorías relacionadas no párrafo anterior.

Segundo: A listaxe poderá examinarse no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña (Hospital de A Coruña, Xubias de Arriba 84) /páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

Terceiro: Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder enmendar, de ser o caso o defecto que motivase a súa exclusión.

A Coruña, 26 de maio de 2016

O Xerente de Xestión Integrada

Asdo.: Francisco José Vilanova Fraga